

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO PARA A CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN DIRECTA POLA AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS A PLAY PLAN CULTURAL SLU PARA A IMPLEMENTACIÓN DA MEDIDA 41 : FEST GALICIA EN LIÑA XACOBEO 21 COA REALIZACIÓN DO FESTIVAL SONRÍAS BAIXAS “DESTINO SONRÍAS” 2020

Ao abeiro do establecido no artigo 40.2.a) do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, redáctase a presente memoria na que se xustifica as razóns que acreditan o interese público, social, económico ou humanitario, ou aquelas que xustifiquen a dificultade da súa convocatoria pública.

I. A Axencia Galega das Industrias Culturais é, de conformidade co disposto no artigo 7 dos seus Estatutos, a entidade da Xunta de Galicia a que lle corresponde, no ámbito do fomento da cultura galega e do apoio á creación e innovación cultural, impulsar e consolidar o tecido empresarial no sector cultural galego, cooperando na achega de factores produtivos, no fomento da oferta de bens e servizos e na asignación de ingresos suficientes e estables.

No exercicio das súas funcións, correspóndelle executar as medidas definidas para a promoción e fomento do sector cultural de Galicia, levar a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos.

Nos próximos meses preséntase un escenario de recuperación lento e progresivo, condicionado polas medidas de restrición da mobilidade e concentración de persoas.

En consecuencia, as necesidades e demandas no eido cultural, por mor das medidas de contención do COVID-19, mudaron profundamente.

Neste contexto, o Consello da Xunta aprobou, o pasado día 30 de abril de 2020, o Plan de reactivación dos sectores cultural e turístico fronte aos efectos derivados da COVID-19.

O Plan recolle como unha das medidas principais da acción da Consellería de Cultura e Turismo (agora Consellería de Cultura, Educación e Universidade) neste ano 2020 o programa Fest Galicia en liña Xacobeo 21, establecendo a implementación dunha serie de medidas que difundan as marcas Fest Galicia e Xacobeo21, a vez que apoiamos



as empresas organizadoras de festivais. No que respecta aos festivais, o citado plan inclúe, Medida 41: Fest Galicia está a consolidar a nosa comunidade como un destino de referencia na industria

Medida 41: A medida consiste en paliar os efectos adversos da restrición do aforo que estáse a producir e que impiden o seu normal funcionamento polo que é necesario contribuír por este motivo ao seu financiamento e noutros permítese establecer un sistema coordinado de festivais en liña: **Fest Galicia en liña** co fin de preservar o tecido empresarial e ofrecer unha oferta de ocio a cidadanía.

Trátase dun programa para que as empresas organizadoras de festivais de música, que cumpriran os criterios incluídos na Resolución do 18 de decembro de 2019, conxunta da Axencia Galega das Industrias Culturais e a Axencia Galega de Turismo de Galicia para Fest Galicia no ano 2021, queiran continuar coa promoción das marcas Xacobeo 21 e Fest Galicia a través da realización dos festivais seguintes: Atlantic Fest, Cantos na Maré, Caudal Fest, Festival de la Luz, PortAmérica, Resurrection Fest, Revenidas, Ribeira Sacra Festival, Sinsal Son Estrella Galicia, SonRías Baixas, Underfest, Vive Nigrán, WOS Festival Son Estrella Galicia.

II. Constitúe o **obxecto deste convenio** a concesión dunha subvención directa pola Agadic **PLAY PLAN CULTURAL SLU** para o desenvolvemento do **SONRÍAS BAIXAS “DESTINO SONRÍAS”** e realizar unha serie de actividades durante o ano 2020, que son:

-Dous concertos de pequeno formato en Bueu,

-Actuacións próximas e directas cos artistas en formatos acústicos.

(cun aforo por debaixo dos 1.000 asistentes).

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización do **Festival SONRÍAS BAIXAS “DESTINO SONRÍAS” 2020**, por canto se trata de actividades únicas e de especiais características, por todo o que significa este Festival desde os seus inicios a que posúe a especificidade como beneficiario e os dereitos en exclusiva para a organización do evento xa que é titular da Marca Festival Sonrías rexistrada na Oficina Española de Patentes e Marcas sen esquecer o interese social da axuda concedida, xa que contribúe ao fomento da cultura.



O presente convenio implica a concesión dunha subvención directa ao abeiro do disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aos efectos establecidos nos artigos 19.4.c) e 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40.1a) do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

III. A Axencia Galega das Industrias Culturais financiará a contía de 30.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 11.A1.432B.770.0, código do proxecto **2015 00003** dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma Galega para o ano 2020

Medida 41:Fest Galicia en liña Xacobeo 21 (2020)	
Concepto	Importe total
SONRÍAS BAIXAS "DESTINO SONRÍAS" 2020	30.000

Financiaráanse os gastos incorridos para a realización do festival desde o 1 de xaneiro ata o prazo de xustificación.

A Axencia Galega das Industrias Culturais procederá ao pagamento da subvención, unha vez que a entidade beneficiaria, ao abeiro do disposto no artigo 8.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, presente a xustificación das actuacións realizadas e se comprobe a axeitada xustificación así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade da subvención.

Agadic requirirá a empresa beneficiaria deste convenio para que se acollan ao réxime de mínimos nos termos establecidos no Regulamento (UE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis, (DOUE L 352/1 do 24.12.2013).

IV. No caso de que a empresa solicite pagamentos anticipados segundo o disposto no artigo 63.1.2 do Regulamento de subvencións de Galicia, poderán concederse anticipos ata o 50% do importe da subvención concedida, que neste caso será de 15.000 € como máximo, e deberá presentar unha memoria xustificativa e económica na que se recollan as actuacións que ten previsto realizar ou realizadas co custo das actividades.



A empresa tamén poderá solicitar pagos á conta, artigo 62 do Regulamento de Subvencións, que responderán ao ritmo de execución das actividades subvencionadas aboándose pola contía equivalente á xustificación presentada.

O importe conxunto dos pagos á conta e dos pagos anticipados que se concedan non poderá exceder do 80%.

O artigo 65.1 do Regulamento de subvencións de Galicia establece que os beneficiarios están obrigados á constitución de garantías cando se prevexa a posibilidade de realizar pagamentos á conta ou anticipados; o artigo 65.4.i) recolle que quedarán exonerados da constitución de garantía os beneficiarios das subvencións concedidas cando os pagamentos non superen os 18.000 €.

V. O que se persegue coa sinatura deste convenio xunto con outros mencionados no punto I desta memoria é desenvolver a citada medida concedendo subvencións directas cos distintos festivais ao tempo preservar o tecido empresarial nacido para a realización dos festivais de música ofrecendo unha oferta de ocio á cidadanía, a través dun sistema coordinado de festivais e actividades varias, baixo a marca “Fest Galicia”.

Por este motivo resulta de interese público para a cultura de Galicia a participación e apoio nas accións obxecto do presente convenio, como medida encamiñada á reactivación do sector cultural fronte aos efectos derivados da crise sanitaria provocada pola COVID-19. Concorren así, aos efectos do establecido nos artigos 19.4.c) e 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40.1a) do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, razóns de interese público.

VI. VI. Na Lei 20/2013, de garantía da unidade de mercado establécese, no seu artigo 5, que se admitirán límites, motivados na salvagarda de algunha razón imperiosa de interese xeral de entre as comprendidas no artigo 3.11 da Lei 17/2009, de 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades e servizos e o seu exercicio. Entre as razóns comprendidas no citado artigo 3.11, atopamos “obxectivos de política social e cultural”, que poden xustificar as restricións nos beneficiarios das convocatorias de subvencións da Agadic.

Artigo 3.11. «Razón imperiosa de interés general»: razón definida e interpretada interpretada a



xurisprudencia do Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas, limitadas as seguintes: a orde pública, a seguridade pública, a protección civil, a saúde pública, a preservación do equilibrio financeiro do réxime de Seguridade Social, a protección dos dereitos, a seguridade e a saúde dos consumidores, dos destinatarios de servizos e dos traballadores, as esixencias da boa fe nas transaccións comerciais, a loita contra a fraude, a protección do medio ambiente e da contorna urbana, a sanidade animal, a propiedade intelectual e industrial, a conservación do patrimonio histórico e artístico nacional e os obxectivos da política social e cultural.

Na comunicación da Comisión sobre a axuda estatal ás obras cinematográficas e outras producións do sector audiovisual establécese que *“a promoción da diversidade cultural e das linguas e culturas nacionais, pode constituír unha razón imperiosa de interese xeral capaz de xustificar unha restrición do exercicio das liberdades fundamentais”*.

Derivado do anterior, a Agadic, en aplicación dos obxectivos e fins establecidos na súa lei de creación, considera que existe causa suficiente de interese xeral para a esixencia dos requisitos da entidade beneficiaria establecidos no presente convenio.

VII.O presente expediente deberá someterse aos informes previstos no artigo 18.2 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e segundo indican o artigo 26.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o artigo 40.3 do citado Regulamento.

Santiago de Compostela, data da sinatura dixital

O director da Axencia Galega das Industrias Culturais

Jacobo Sutil Nesta

